

Un soldado rexistrou as habitacións durante moito tempo. Nós preguntábonos que estarían buscando.

Durante todo ese tempo, outro soldado vixiaba a porta, e un terceiro vixiábanos cun gran fusil



apuntando a papá. O soldado non falaba: berraba. Berraba furioso. Non entendía o que dicía.

Só tiña medo. Ata tal punto que me fixen pis no pantalón. Non deixaba de preguntarme: "Este soldado, terá fillos?, terá unha nena da miña idade?".



Ao final, os soldados fóronse sen ter atopado o que buscaban. Espero que non volvan xamais.

O meu país está en guerra. E a guerra dáme medo.

Pero vou crecer e, entón, serei forte.

Protexerei a miña nai, a meu pai e a meu irmán pequeno.


Protexerei a miña cidade.

Direi aos soldados inimigos:

- Ídevos! Esta é a nosa cidade e gústanos!

Cando sexa maior, serei profesora.

Ensinarei aos nenos a ler, a escribir e a debuxar.



E tamén ensinarelles a non ter medo de soldados inimigos.

Adaptación da obra de Fátima Sharafeddine



Adaptación da obra de Fátima Sharafeddine - EDICIÓN SM  
Ilustracións: alumnado de 4º A

30 DE XANEIRO DE 2013



DIA DA PAZ

BIBLIOTECA  
CEIP DE Palmeira



Mira, esta é a miña cidade. Gústame moito!

Aquí teño a miña casa, miña nai e meu pai, meu irmán pequeno e meus avós; o meu colexio, meus amigos e a miña profesora.

Aquí está o meu fogar. Pero está en guerra.

O meu país está en guerra. Viñeron xentes que non queren marchar.



Escóndome no soto con mamá, papá e o meu irmán pequeno.

Levamos pan, auga e velas.

Ás veces, queixo e mel.



Oio as bombas ao espertar e pola noite ao ir deitarme. Cando o ruído das bombas é moi forte, o meu colexio cerra. Tamén as rúas quédanse baleiras. Non se ve nin un coche, nin un neno xogando, nin sequera un gato ou un can.

Todo o mundo púxose a salvo, todo o mundo se esconde. Eu tamén me escondo.



Cando as bombas deixan de caer, todo volve ser como antes. As rúas énchense de xente, os coches volven tocar a bucina, as tendas abren, os clientes entran e saen.

Hai xente por todas partes:

xente maior, nenos pequenos, gatos e cans.

Tamén volve o ruído da cidade!

E podo volver ao colexio!

Podo acompañar a miña nai ao mercado!

Ata podo xogar cos meus amigos no parque que hai detrás da casa!

E ir a casa da miña amiga para facer xuntas os deberes de matemáticas.



Ás veces, mentres estudiamos, hai un corte de luz. Terminamos os deberes á luz das velas.

Se hai bombardeos, quedo a durmir na casa da miña amiga.

É demasiado perigoso saír á rúa.



O meu país está en guerra.

Soldados inimigos entran nas casas pola forza. Tiran todo, rompen os mobles, e a miúdo, rouban.



Pero o peor é cando se van, levándose a alguén da familia. Unha vez viñeron a nosa casa. Tiña moito medo. Tivemos que sentarnos no salón sen movernos.

